



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

16 MAY. 2024 18:29:34

Entrada **25704**

Sobre a falta de prazas na conexión ferroviaria do Eixo Atlántico entre Vigo e Santiago

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á falta de prazas na conexión ferroviaria do Eixo Atlántico entre Vigo e Santiago de Compostela.**

A falta de prazas na conexión do Eixo Atlántico entre Vigo e Santiago supón un grave problema e un enorme prexuízo para as e os viaxeiros, así como unha das materias sobre a que se teñen trasladado máis queixas e denuncias recentemente. A limitada oferta de prazas dificulta a mobilidade e os desprazamentos con normalidade e converte a compra de billetes nunha auténtica carreira de obstáculos.

A situación, xa de por si complexa, agravouse aínda máis como consecuencia do fechamento do aeroporto de Vigo que obriga a moitas persoas a desprazarse en tren até ou desde Santiago para utilizar o aeroporto Rosalía de Castro-Santiago de Compostela. Así mesmo, tamén supuxo que os trens desde Pontevedra e Vigo a Madrid estean xa saturados e que os prezos se multiplicasen por tres desde o fechamento de Peinador e aproveitando a finalización das ofertas de lanzamento dos trens Abril.

Así, ao problema estrutural de falta de prazas que xa ten denunciado reiteradamente o BNG, súmase agora un empeoramento da situación pola eliminación das conexións aéreas desde Vigo. O Ministerio é perfectamente coñecedor de que os servizos ferroviarios tanto no Eixo Atlántico como nas conexións con Madrid, están masificados e precisan de máis prazas e máis frecuencias debido á alta demanda existente. O desequilibrio entre oferta e

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

16 MAY. 2024 18:29:34

Entrada **25704**



demanda é unha constante desde hai tempo e aínda non se abordou a pesar das reivindicacións das plataformas e asociacións de usuarios de tren. Por iso mesmo, non se pode entender que non se planificara o reforzo da liña ante o anunciado fechamento do aeroporto de Vigo.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Que actuacións ten previstas o Ministerio para dar solución á falta de prazas na conexión ferroviaria do Eixo Atlántico, especialmente entre Vigo e Santiago de Compostela tras o fechamento do aeroporto de Vigo?
2. Coñece o Ministerio a actual situación de absoluta falta de prazas e de reiteradas queixas dos usuarios e usuarias desta liña?
3. Como vai garantir a prestación dun servizo ferroviario suficiente e que cubra a actual demanda das numerosas persoas que precisan coller o tren para trasladarse aos seus traballos ou estudos?
4. Adoptará o Ministerio as medidas precisas que permitan incrementar as prazas e as frecuencias no Eixo Atlántico, especialmente entre Vigo e Santiago, e dar así cobertura á elevada demanda existente?
5. Por que non se planificou un reforzo nas frecuencias e prazas entre Vigo e Santiago de Compostela cando era xa coñecido de antemán que se ía proceder ao fechamento do aeroporto de Vigo?
6. Por que non preveu un reforzo das prazas e frecuencias nos servizos de tren de longo percorrido desde Vigo?

Madrid, a 16 de maio de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la falta de plazas en la conexión ferroviaria del Eixo Atlántico entre Vigo y Santiago de Compostela.**

La falta de plazas en la conexión del Eixo Atlántico entre Vigo y Santiago supone un grave problema y un enorme perjuicio para las y los viajeros, así como una de las materias sobre la que se han trasladado más quejas y denuncias recientemente. La limitada oferta de plazas dificulta la movilidad y los desplazamientos con normalidad y convierte la compra de billetes en una auténtica carrera de obstáculos.

La situación, ya de por sí compleja, se agravó aún más a consecuencia del cierre del aeropuerto de Vigo que obliga a muchas personas a desplazarse en tren hasta o desde Santiago para utilizar el aeropuerto Rosalía de Castro-Santiago de Compostela. Asimismo, también supuso que los trenes desde Pontevedra y Vigo a Madrid estén ya saturados y que los precios se hayan multiplicado por tres desde el cierre de Peinador y aprovechando la finalización de las ofertas de lanzamiento de los trenes Avril.

Así, al problema estructural de falta de plazas que ya ha denunciado reiteradamente el BNG, se suma ahora un empeoramiento de la situación por la eliminación de las conexiones aéreas desde Vigo. El Ministerio es perfectamente conocedor de que los servicios ferroviarios tanto en el Eje Atlántico como en las conexiones con Madrid, están masificados y precisan de más plazas y más frecuencias debido a la alta demanda existente. El desequilibrio entre oferta y demanda es una constante desde hace tiempo y



aun no se abordó a pesar de las reivindicaciones de las plataformas y asociaciones de usuarios de tren, por eso mismo no se puede entender que no se planificara el refuerzo de la línea ante el anunciado cierre del aeropuerto de Vigo.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Qué actuaciones tiene previstas el Ministerio para dar solución a la falta de plazas en la conexión ferroviaria del Eje Atlántico, especialmente entre Vigo y Santiago de Compostela tras el cierre del aeropuerto de Vigo?
2. ¿Conoce el Ministerio la actual situación de absoluta falta de plazas y las reiteradas quejas de los usuarios y usuarias de esta línea?
3. ¿Cómo va a garantizar la prestación de un servicio ferroviario suficiente y que cubra la actual demanda de las numerosas personas que precisan coger el tren para trasladarse a sus trabajos o estudios?
4. ¿Adoptará el Ministerio las medidas precisas que permitan incrementar las plazas y las frecuencias en el Eixo Atlántico, especialmente entre Vigo y Santiago, para dar así cobertura a la elevada demanda existente?
5. ¿Por qué no se planificó un refuerzo en las frecuencias y plazas entre Vigo y Santiago de Compostela cuando era ya conocido de antemano que se iba a proceder al cierre del aeropuerto de Vigo?
6. ¿Por qué no previó un refuerzo de las plazas y frecuencias en los servicios de tren de largo recorrido desde Vigo?

Madrid, a 16 de mayo de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso

